



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE CO CONCELLO DE CARRAL PARA AS ACTUACIÓNS DA INTERVENCIÓN ARQUEOLÓXICA NO CASTRO DAS TRAVESAS (GA15021005)

MEMORIA TRANSPARENCIA

Ángel Miramontes Carballada, director xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural formalizou co Concello de Carral o instrumento convenial arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 30 de novembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e o Concello de Carral para a realización dunha actuación arqueolóxica de escavación e consolidación no Castro das Travesas (GA15021005), co obxectivo operativo de conservar o patrimonio cultural galego.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convenial que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Castro das Travesas/A Eira dos Mouros é un ben inmovible do patrimonio arqueolóxico localizado na parroquia de Santa Mariña da Beira, no concello de Carral (A Coruña).

Trátase dun asentamento tipo castro, composto por 5 espazos configurados por murallas e articulados de xeito graduado en torno á croa de planta circular e rodeada completamente por un parapeto. No seu arco W-NW ábrese un amplo antecastro delimitado case en toda a súa ntotalidade por outro parapeto. Cara o N configúranse outros recintos. Ocupa unha superficie aproximada de 6 ha.





A nivel de protección este sitio arqueolóxico ten a condición de ben catalogado do Patrimonio Cultural de Galicia en base ao artigo 30 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio cultural de Galicia, xa que forma parte do catálogo de bens culturais do Plan Básico Autonómico aprobado polo Decreto 83/2018, de 26 de xullo (DOG núm. 162, do 27.08.2018) co GA15021005.

Tendo en conta os valores culturais que posúe o Castro de Castromaior, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e o Concello de Carral consideran necesario realizar neste ano 2026 novos traballos arqueolóxicos de escavación, consolidación e acondicionamento para favorecer a súa posta en valor e tamén para afondar no coñecemento deste sitio arqueolóxico e así avanzar na súa investigación e caracterización.

Os traballos de campo serán dirixidos por un/ha arqueólogo/a que cumpra os requisitos esixidos polo Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

Na realización das diferentes accións de difusión se fará constar a colaboración e financiamento da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente conxual.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

